



## B A N D O

José Manuel Iglesias Araújo, Alcalde-Presidente do Concello de Maside, FAGO SABER QUE:

O pasado mércores, 26 de febreiro de 2020, saíron publicadas no DOG núm. 38 as **subvencións dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021, con carácter plurianual.**

### LIÑAS DE AXUDAS:

- **Liña A:** Cubertas, fachadas e carpintarías que melloren a envolvente térmica; instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación; utilización de enerxías renovables (solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia), illamento sonoro; obras para reducir no interior da edificación a concentración de radón.
- **Liña B:** Conservación da cimentación, da estrutura, das instalacións, de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras; mellora da accesibilidade (instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas, guindastres, sinais luminosos ou sonoros, elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación, instalación domótica).

### PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Do **27/02/2020** ao **26/03/2020**.

### LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- Asesoramento e tramitación na Oficina Municipal de Urbanismo do Concello de Maside.
- Presentación no Concello de Maside, en liña ou presencialmente no Instituto Galego de Vivenda e Solo (Ourense).

### REQUISITOS:

- A vivenda deberá estar finalizada antes do 1 de xaneiro de 1996.
- A vivenda deberá constituír a residencia habitual e permanente do/s propietario/s, arrendatario/s ou morador/es no momento de solicitar a axuda.

### CONTÍA DAS AXUDAS:

- Será, con carácter xeral, do **40% do custe subvencionable** da actuación sempre dentro dos límites que se indican nos cadros seguintes.
- No caso de que os ingresos sexan **inferiores a 3 veces o IPREM** a porcentaxe poderá chegar ao **75%**.
- A porcentaxe tamén poderá chegar ao **75%** no caso de actuacións de accesibilidade se na vivenda reside unha **persoa con discapacidade ou maior de 65 anos**.
- As axudas básicas poderán incrementarse en **1.000 euros** cando se trate dun **inmable declarado Ben de Interese Cultural (BIC)** ou estea **catalogado**.
- A contía incrementarase nun **25%** cando as persoas beneficiarias sexan **menores de 35 anos e nun municipio de menos de 5.000 habitantes**.

### IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS:

Liña A	Vivenda unifamiliar	Vivenda colectiva
Básica	12.000 €/vivenda	8.000 €/vivenda (80 €/m <sup>2</sup> construído para local comercial)
Familia con persoa con discapacidade	18.000 €/ 24.000 €	12.000 €/ 16.000 €

Liña B	Actuacións de conservación	Seguridade / Accesibilidade
Básica	3.000 €/vivenda (30 €/m <sup>2</sup> construído para local comercial)	8.000 €/vivenda (80 €/m <sup>2</sup> construído para local comercial)
Familia con persoa con discapacidade (dependendo do tipo de discapacidade)	-	14.000 €/vivenda
	-	17.000 €/vivenda

O Alcalde-Presidente do Concello de Maside  
Asdo.: José Manuel Iglesias Araújo